



DATOS IDENTIFICATIVOS

Panorama da literatura galega II

Materia	Panorama da literatura galega II			
Código	V01G160V01303			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Angueira Vitorro, Anxo			
Profesorado	Angueira Vitorro, Anxo			
Correo-e	angueira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Literatura galega do século XX.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer en profundidade a tradición literaria galega do séc. XX	A3 A6 A7 A8 A9 A11 A12	
Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas da teoría literaria, así como sintetizar, relacionar e describir tradición literaria galega nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.	A3 A6 A7 A8 A9 A11 A12	B2 B3
Comprender a historia das ideas estéticas que subxace á evolución das tradicións literarias.	A3 A6 A7 A8 A9 A11 A12	B1
Valorar a construción do Sistema Literario Galego como un produto da nosa historia e da nosa singularidade en tanto que pobo peculiar.	A3 A6 A7 A9 A11 A12	B3

Contidos

Tema

As Irmandades da Fala	1. Organización e definición ideolóxica. 2. O proxecto cultural das Irmandades ou a configuración dun sistema literario. 3. Ramón Cabanillas e Noriega Varela
O grupo Nós: enxebrismo e universalismo	4. Nós e a súa decisiva influencia no mundo cultural galego 5. Vicente Risco. 6. Otero Pedrayo. 7. A. R. Castelao. 8. Florentino L. Cuevillas.
Vanguardia e renovación no campo literario.	9. A dialéctica vangardista no campo literario galego. 10. Manoel Antonio. 11. Rafael Dieste.
Da República ao exilio	12. A paisaxe literaria do exilio. 13. Teatro, ensaio e poesía do exilio. 14. A narrativa: o testemuño da Guerra Civil.
A posguerra en Galicia: resistencia cultural e novos actores do campo literario.	15. O proxecto de Galaxia e outros proxectos. 16. Luís Pimentel. 17. Álvaro Cunqueiro. 18. Blanco Amor. 19. Celso Emilio Ferreiro. 20. O grupo Brais Pinto. 21. A Nova Narrativa.
A literatura no final do franquismo e na Galicia autonómica.	22. A nova dialéctica do campo literario. 23. Nacionalismo literario e autonomía do campo. 24. Xohana Torres. 25. Méndez Ferrín. 26. Outros autores.
Panorama da literatura galega no relanzo do novo século.	27. Os novos actores do campo literario e as novas dialécticas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Sesión maxistral	26	22	48
Eventos docentes e/ou divulgativos	0	16	16
Obradoiros	22	22	44
Traballos tutelados	0	20	20

Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	10	11
Probas de resposta curta	1	7	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Haberá unha sesión introdutoria ao conxunto da materia, de dúas horas de duración, con delimitación dos seus contidos, métodos, probas a realizar, textos que deben ler os alumnos, etc.
Sesión maxistral	Haberá entre 12 e 16 sesións maxistras, e outras tantas prácticas, vinculadas ao desenvolvemento teórico do programa. Nelas darase unha visión de conxunto da tradición literaria galega ao longo do séc. XX.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Unha parte importante da actividade do alumnado consistirá na súa asistencia a conferencias, recitais, mesas redondas, proxeccións de filmes, seminarios específicos sobre temas literarios, representacións teatrais, etc. Estas actividades serán sinaladas polo docente.
Obradoiros	Haberá un mínimo de 13 sesións de comentario de texto, cada unha de dúas horas de duración.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar un pequeno traballo de comprobación de lectura de autores e obras do programa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras.
Sesión maxistral	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras.
Obradoiros	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras.
Traballos tutelados	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faitic ou outras.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia a clase así como a participación en debates e comentarios de textos e ideas.	50
Obradoiros	Valorarase a asistencia ás sesións de comentario de textos así como a participación nos debates suscitados.	20
Traballos tutelados	A lectura de obras literarias e a reflexión sobre estas será obxecto de atención prioritaria. O alumno deberá realizar ao longo do curso breves comentarios escritos sobre as obras de lectura obrigatoria que compoñen o programa.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os discentes teñen que elixir ó comezo do curso entre un sistema de avaliación continua ou de avaliación única.

A porcentaxe de presencialidade obrigatoria na avaliación continua é do 80%.

A avaliación única para os discentes que así o elixan ou para os que incumpran as condicións esixidas para a avaliación continua consistirá nun exame (70%), que se realizará na última semana do curso, e nun traballo (30%).

Na avaliación de xullo tódolos discentes deberán facer o exame na data oficial proposta pola facultade e entregar o traballo.

Bibliografía. Fontes de información

Figueroa, A. (2011): Nación, literatura, identidade (Vigo: Xerais)

Méndez Ferrín, X. L. (1984): De Pondal a Novoneira (Vigo: Xerais).

Tarrío, A. (coord.): Galicia. Literatura. Vol. XXXII, XXXIII e XXXIV (A Coruña: Hércules).

VV. AA.: Historia da literatura galega (Vigo: AS-PG / A Nosa Terra).

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Seminario de literatura galega desde 1900 ata 1936/V01G160V01508
